

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DE AULA 1º CURSO DE
EDUCACIÓN PRIMARIA**

CEIP DE CAMPANARIO
CURSO 2021/22

“O obxectivo principal da educación é crear persoas capaces de facer cousas novas e non simplemente repetir o que outras persoas fixeron”

Jean Piaget

INDICE:

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID.....	2
3. MARCO LEXISLATIVO.....	3
4. CONTEXTO DO CENTRO.....	3
5. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
6. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS.....	6
7. RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVES, MÍNIMOS E ACTIVIDADES.....	10
8. TEMPORALIZACIÓN.....	50
9. ESCENARIOS DE APRENDIZAXE COVID.....	50
10. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	51
10.1 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL.....	53
11. RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS.....	53
12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	54
13. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	56
13.1. CRITERIOS EN CONTEXTO COVID.....	58
14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	58
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES....	59
16. PROXECTOS A NIVEL DE CENTRO.....	60
17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	61

1. INTRODUCCIÓN

Segundo a LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) o alumnado é o centro e a razón de ser da educación. A aprendizaxe debe ir dirixida a formar persoas autónomas, críticas, con pensamento propio. Os mestres e mestras temos o reto de propiciar situacións que posibiliten ao máximo o desenvolvemento dos potenciais dos nosos/as alumnos/as. A educación será o instrumento principal que contribúa ao desenvolvemento do talento de todo o alumnado, que promova a mobilidade social, axude a superar as barreiras e xere aspiracións e ambicións para todos e todas.

Esta é unha das premisas fundamentais dende as que se elabora esta programación didáctica, un elemento de referencia sobre a acción didáctica que desenvolverei na aula.

A Educación Primaria intégrase no marco da educación básica obrigatoria. Ten como finalidade primordial proporcionar a todos os alumnos/as unha educación común que faga posible a adquisición dos elementos básicos culturais, as aprendizaxes relativas á expresión oral, a lectura, a escritura e o cálculo aritmético, así como unha progresiva autonomía de acción no seu medio. As características psicoevolutivas máis significativas dos alumnos/as desta etapa son: no ámbito cognitivo (pensamento intuitivo, concreto, sincrético e regulador), no ámbito motor (coñecemento do esquema corporal, control postural e independencia dos segmentos corporais, reafirmación da lateralidade), e no ámbito afectivo-social (egocentrismo, consolidación das relacións interpersoais e respecto as regras no xogo).

Esta programación está concibida para un contexto específico, tendo en conta as características do alumnado e do contorno social e familiar.

2. ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID

Contemplanse as adaptacións necesarias aos posibles escenarios en función da situación sanitaria vivida, que precisará unha actividade lectiva presencial e en caso dun posible confinamento de forma non presencial a través do ensino virtual. Terase en conta, a avaliación inicial do alumnado tendo en conta os informes previos para adaptarse ao contexto real segundo as necesidades do alumnado. Dita programación axustarase o currículo establecendo as medidas oportunas en caso dun ensino non

presencial preparando o alumnado e as familias para acadar unha aprendizaxe das competencias básicas.

3. MARCO LEXISLATIVO

Para o deseño desta programación empregáronse os seguintes documentos que actúan como base:

- **Lei Órgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa
- **Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro**, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, no que desenvolve os aspectos do mesmo en atención á nova configuración do currículo.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia.
- **Orde do 9 de xuño de 2016**, pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación Primaria.
- **Orde do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **PXA.**

4. CONTEXTO DO CENTRO EDUCATIVO

O documento que se presenta corresponde á programación docente das áreas de ciencias sociais, ciencias naturais, matemáticas, lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura deseñada para os alumnos e alumnas do primeiro curso de educación primaria do CEP de Campanario.

O CEP de Campanario é un centro público, situado nun entorno rural do concello de Porto do Son, concretamente na parroquia de San Pedro de Baroña. O desenvolvemento económico da poboación baséase principalmente na pesca, marisqueo, industria conserveira (varias na zona do Barbanza), a construción (con especial mención dunha empresa local dedicada á explotación do granito que da emprego a un número considerable de veciños), actividades agrícolas, gandeiras, forestais e o sector servizos, que nos últimos anos está en auxe polo aumento do

turismo da zona. En canto ao nivel socio-cultural, percíbese un avance progresivo nos últimos anos, debido principalmente á maior porcentaxe de xuventude que accede a estudos superiores. Aínda así, o nivel é medio-baixo. A isto hai que engadir as poucas ofertas culturais que chegan ao medio rural desde as distintas administracións. A lingua empregada polas familias é, maioritariamente, o galego, tanto na casa coma na comunicación coa contorna. O galego tamén é a lingua usada nas interaccións comunitarias, a empregada polo concello e pola maioría das entidades asociativas do contorno, entre eles e co colexio.

Centro: O centro en cuestión é un CEIP (Centro de Educación Infantil e Primaria) que conta con 4 unidades: 1 de infantil e 3 de primaria. O centro consta de dous edificios. O principal está destinado para o alumnado de primaria (2 aulas, unha para o grupo de 1º de primaria e outra para o grupo mixto de 3º e 4º) e o edificio anexo, cunha aula na planta alta destinada para 5º e 6º curso e outra na planta baixa para o alumnado de educación infantil. Ademais o centro consta de: aseos, dirección, un aula para desdobres/biblioteca e outra destinada a sala de profesores, ambas sitas no edificio principal. O centro conta con transporte escolar. A nivel docente está composto por 8 mestres e mestras, de acordo co catálogo de unidades e postos de traballo. Na actualidade contamos con 2 mestras de E. Primaria, un de música, unha mestra de E. Física, unha de E. Infnatil, a especialista en inglés que exerce de directora, e os mestres de PT, AL, e relixión son itinerantes ademais dunha mestra de inglés compartida con outros centros das diferentes parroquias. A ANPA colabora de forma activa no centro así como a Comunidade de montes local que é moi activa e colaboradora co centro aportando unha fonte de riqueza cultural.

O grupo de 1º curso está formado por 7 nenos/as moi dinámicos e activos cun gran interese polo mundo que os rodea. En canto ás características psicosociais do alumnado cabe destacar que é un grupo bastante heteroxéneo, tendo en conta a diversidade propia dunha aula de primeiro na que se presentan diferenzas no nivel de adquisición das competencias clave.

Este documento recolle todos os aspectos relacionados co proceso educativo que se levará a cabo durante este curso.

5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

As competencias enténdense como as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais e informais.

Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe avaliados, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Nos seguintes epígrafes están recollidos e articulados os elementos anteriormente citados a través das diferentes materias para as cales se programa neste documento.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para este grupo de alumnado incorporan tarefas que contextualizan as aprendizaxes e permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Para os efectos deste programación segundo indica o D. 105/2014, do 4 de setembro, as competencias clave son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

6. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS:

Os obxectivos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. No seu artigo número 3, a LOMCE recolle os obxectivos para a etapa na que nos atopamos. A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os **valores e as normas de convivencia**, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como **actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade**, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir **habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos** que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) **Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas** e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) **Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.**
- f) Adquirir en, polo menos, unha **lingua estranxeira a competencia comunicativa** básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as **competencias matemáticas básicas** e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como **ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.**
- h) Coñecer os **aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.**

- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, **das tecnoloxías da información e da comunicación**, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e **expresións artísticas** e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar **a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas**, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

7. RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE, MÍNIMOS EXIXIBLES E ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE NAS ÁREAS DE CIENCIAS SOCIAIS, CIENCIAS NATURAIS, MATEMÁTICA, LINGUA E LITERATURA GALEGA E LINGUA E LITERATURA CASTELÁ PARA 1º DE PRIMARIA:

1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo exixibles	Actividades
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1.O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico. ▪ B1. 2.Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.1.Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> - Recolle información de fontes diferentes iniciándose no emprego das TIC e selecciona a información relevante. 	<ul style="list-style-type: none"> -Desenvolvemento de actividades de investigación: por exemplo, establecer conxecturas sobre a evolución dunha semente no tempo, experimentación e observación de sementes.

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo exigibles	Actividades
	acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. <ul style="list-style-type: none"> B1. 3 Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analízala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións. B1. 4 Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. 	como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	sinxelas e as comunica. <ul style="list-style-type: none"> CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CAA CSC 	- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas.	-Busca de información de xeito dirixido, tanto na rede como en textos informativos, visionado de documentais... -Establecemento de acordos sobre criterios de presentación dos traballos e tarefas realizados. -Posta en práctica dos acordos tomados nos seus traballos.
<ul style="list-style-type: none"> A b c d m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5.O traballo en equipo. B1.6.Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo. B1.7.Valoración do esforzo e coidado do material. B1.8.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CAA 	- Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material - Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	- Realización de traballos en diferentes tipos de agrupamentos. -Dinámicas de traballo cooperativo. -Faladoiros sobre temas concretos. -Realización de mapas mentais de contidos traballados.
<ul style="list-style-type: none"> H O 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9.Utilización da terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4.Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CSC 	- Identifica a terminoloxía propia da área.	-Incorporación de léxico específico dos temas novos traballados na aula.

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave	Mínimo exixibles	Actividades
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ H ▪ j ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1.A contorna física: observacións das características principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.1.1. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Recolle información sobre aspectos da súa contorna natural. 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de fichas de recollida de datos na contorna atendendo a diversos aspectos e empregando diferentes recursos.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.1.2 Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ h ▪ a ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2.O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, experimentación a través sentidos e a formulación de conxecturas. A importancia para a vida e consumos responsables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Describe as características principais do aire e da auga. 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de experimentos na aula con auga e aire para identificar as súas características. - Rexistro dos experimentos. - Presentación dos sete elementos (montessori)
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL 		<ul style="list-style-type: none"> - Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3.O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> - Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca e identificación de fontes informativas acerca da meteoroloxía na nosa

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave	Mínimo exigibles	Actividades
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ o 	<p>dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación observado o tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital,...</p>	<p>través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p>	<p>seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<p>próximo e os interpreta nun mapa do tempo.</p>	<p>contorna e recollida e interpretación de datos.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5.Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación co tempo dos xornais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.5.1.Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<p>- Realiza observacións sinxelas sobre o tempo atmosférico local.</p>	<p>-Rexistro do tempo atmosférico, elaboración de gráficas e interpretación das mesmas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ H ▪ g ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4.Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocialo ás diferentes partes do día e á noite. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6.Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.6.1.Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL 	<p>- Explica a importancia que o Sol ten para a vida e nomea os elementos presentes no ceo.</p>	<p>-Presentación acerca dos elementos máis relevantes do sistema solar e universo. -Celebración de aniversarios montessori. -Presentación dos sete elementos (montessori)</p>
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7.Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.7.1.Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<p>- Recoñece o cambio do día á noite así como a mañá, tarde e noite.</p>	<p>Presentación cun globo terráqueo das diferenzas horarias no planeta Terra.</p>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo exigibles	Actividades
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5.Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea.Elementos naturais e humanos da contorna. A importancia do coidado da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.8.1.Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home. 	<ul style="list-style-type: none"> -Análise de imaxes de paisaxes naturais e artificiais. -Clasificación de imaxes de paisaxes naturais e artificiais. -Elaboración de murais, dioramas ou maquetas.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.9.1.Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT 		
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A ▪ c ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1.Investigamos sobre as relacións de parentesco e roles familiares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1.Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.1.1.Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica as relacións de parentesco. 	<ul style="list-style-type: none"> -Elaboración de mapas xenealóxicos da nosa familia. -Análise do reparto das tarefas domésticas nos fogares.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A ▪ H 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2.A escola: organización escolar, os membros e os seus roles,espazos físicos e recursos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2.Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.2.1.Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan. 	<ul style="list-style-type: none"> -Deseñamos un organigrama acerca da organización do centro escolar.

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave	Mínimo exixibles	Actividades
						-Entrevista ou entrevistas a algún membro ou membros da comunidade escolar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3.Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3.Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.3.1.Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> -Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> -Realización de asembleas e establecemento de normas para a asemblea e de convivencia na aula.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. A casa e o lugar no que vivo. Estancias da casa e localización na contorna: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica as partes da casa e coñece o uso que se fai delas. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun plano e dunha maqueta da nosa casa.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.4.2.Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> Poñemos exemplos e representamos diferentes modelos de vivendas.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.5.1.Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> - Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5.Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6.Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.6.1.Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comparación das características dos diferentes medios de

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo exigibles	Actividades
		fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	funcións e características.			transporte. - Incorporación de medios de transporte á maqueta da vila.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6.Educación viaria. Camiñando pola rúa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7.Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.7.1.Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - .Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> -Recoñecemento de sinais de tráfico durante as saídas. -Elaboración de sinais de tráfico para a maqueta. -Realización de itinerarios.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7.Manifestacións culturais da contorna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8.Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.8.1.Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Cita e valora algunha festa propias do ano que se celebran na contorna escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> -Identificación e celebración das festas e tradicións populares propias de cada estación.
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ H ▪ gc ▪ h ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1.Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: Liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1.Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades de medida temporais básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.1.1.Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Explica, nunha liña de tempo, algúns feitos relevantes da súa vida persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> -Realización e exposición de xeito oral nunha liña do tempo os feitos máis relevantes da nosa vida: aniversarios montessori.

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimo exigibles	Actividades
		<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia: pais, avós e irmáns. 	<ul style="list-style-type: none"> -Explicación oral da árbore xenealóxica realizada con anterioridade.
<ul style="list-style-type: none"> H g e 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL 	<ul style="list-style-type: none"> -Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas propias características. 	<ul style="list-style-type: none"> -Confección de calendarios. -Anotación no calendario de eventos importantes. -Fotografar unha árbore a longo do curso para ver a súa evolución en cada estación.

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h ▪ i ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Iniciación á actividade científica. ▪ B1.2. Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados. ▪ B1.3. Busca guiada de información en internet e noutros soportes. ▪ B1.4. Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. O traballo cooperativo. ▪ B1.6. Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual. ▪ B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificación do home e da muller como seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ d ▪ h ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comparación con outros seres vivos. ▪ B2.3. Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas. ▪ B2.4. Identificación das partes do corpo humano. ▪ B2.5. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristura, enfado, ledicia) e sentimentos propios e alleos. 	a diversidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Hábitos que inflúen nunha vida saudable: alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio físico regulado, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Identificación de alimentos diarios necesarios. ▪ B2.8. Análise e costumes na alimentación diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Diseñar, de forma colectiva, un menú semanal de merendas saudables para o recreo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Os seres vivos: as plantas e os animais. ▪ B3.2. Identificación das características e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ l	dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.	animais.	▪ CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	▪ CMCCT ▪ CCL
			▪ CNB3.1.3. Aмосa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	▪ CMCCT
▪ a ▪ b ▪ c ▪ e ▪ h ▪ i ▪ j ▪ l ▪ m ▪ o	▪ B3.3. Observación e identificación de animais e plantas do contorno. ▪ B3.4. Clasificación e rexistro dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados empregando diferentes soportes. ▪ B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno.	▪ B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	▪ CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CD
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
▪ a ▪ b ▪ e ▪ h	▪ B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo. ▪ B4.2. Uso responsable da auga na vida cotiá ▪ B4.3. Identificación do ruído como unha forma de contaminación acústica e de fontes sonoras do contorno próximo.	▪ B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	▪ CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			▪ CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	▪ CMCCT ▪ CSC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas. • • • • • 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ j ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas. ▪ B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares (lapis, afialapis, teléfono, balanza, tesoiro, espremedor etc.) ▪ B5.3. Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízalos con seguridade evitando estereotipos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas. ▪ CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. ▪ B5.5 Coidado dos recursos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ i			▪ CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	▪ CMCCT ▪ CD

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos exigibles	Actividades
BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS						
▪ g ▪ e	▪ B1.1. Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.	▪ B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	▪ MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	▪ CMCT ▪ CCL	- Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	-Explicación oral do proceso seguido na resolución dun problema.
▪ g ▪ b	▪ B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver	▪ B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes	▪ MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o	▪ CMCT ▪ CAA	- Amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado	Desenvolvemento de hábitos de traballo que

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave	Mínimos exigibles	Actividades
	actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	persoais polo traballo matemático ben feito.	traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.		no caderno.	impliquen orde e limpeza.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CD ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> -Emprego dos medios tecnolóxicos en situacións contextualizadas e reais.
BLOQUE 2. NÚMEROS						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Números naturais ata o 99. ▪ B2.2. Nome e grafía dos números ata o 99. ▪ B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas. ▪ B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. ▪ B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado. ▪ B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Le, escribe e ordena os números ata o 99. 	<ul style="list-style-type: none"> -Conteo de materiais manipulativos. -Escritura, lectura, ordenación, dictado e lectura de números. -Localización e representación de números na recta numérica.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> -Composición e descomposición de números. -Comparación de números. -Colocación do número

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO	PRIMEIRO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competenci as clave	Mínimos exigibles	Actividades
						anterior e posterior, tirada de dados, calendario.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º. ▪ B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números. ▪ B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os números ordinais en contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> -Colocación na fila empregándoos. -Utilización de números ordinais en textos, sobre todos instrutivos.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpretación, lectura e escritura de números en diferentes textos numéricos: tickets, rifas, entradas, catalogos...
					<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. 	<ul style="list-style-type: none"> -Emprego axeitado da comunicación verbal e non verbal nas situacións comunicativas
					<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra interese e actitude receptiva de escoita. 	
					<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa na conversa formulando ou contestando preguntas. 	

			preguntas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> - Saudamos e despedímonos o entrar e saír da aula. - Felicitacións cando algo sae ben e nos aniversarios. - Presentación dun compañeiro. - Modelamos en situacións que requiran do uso de fórmulas sinxelas de tratamento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Aposar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en pequeno grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Aposar respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> - Aposar respecto ás ideas dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Dinámicas de aprendizaxe cooperativo. - Valoración de todas as aportacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ E ▪ O 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Interesarse por aposar unha pronuncia e entoación adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresase oralmente en lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> - Creación de situacións de comunicación en lingua galega parellas á de calquera outra lingua oficial.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Recoñecer usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. ▪ LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. - Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas en canto ao xénero e ás etnias. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión acerca das palabras ferintes e ofensivas e do seu uso. - Listado de palabras agarimosas para cada alumno e alumna.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica a lingua galega oral. 	<ul style="list-style-type: none"> -Recoñecer e simular situacións de comunicación en lingua galega parellas á de calquera outra lingua oficial en diversos contextos e realidades.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.2. Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 				
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ l ▪ j ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. ▪ B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia. ▪ B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende a información relevante de textos sinxelos sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> -Lectura de notas que levan para casa. -Elaboración das súas propias notas. -Incorporación á aula textos de distintas características e funcións en situacións contextualizadas e reais. -Clasificación de distintos textos atendendo a súa función, diferenciando en expositivos e informativos e literarios. -Secuencias de textos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende informacións concretas en textos sinxelos. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> - Localiza información en textos breves e sinxelos. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Interpretación da información 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.2.1. Interpreta e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - . Interpreta e comprende, de maneira 	<ul style="list-style-type: none"> -Identificación da

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<p>das ilustracións.</p>	<p>comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</p>	<p>comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CMCT 	<p>xeral, a información de ilustracións.</p>	<p>relación imaxe-texto como unha das propiedades relevantes de cada xénero textual.</p> <p>-Visionado de ilustracións.</p> <p>-Elaboración de ilustracións</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos. ▪ LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<p>- Descodifica na lectura de textos moi sinxelos.</p> <p>- Le textos sinxelos en voz alta acadando progresivamente a velocidade axeitada.</p>	<p>- Lectura de textos en situacións significativas e reais.</p> <p>-“Proxecto lector”.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Introducción ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento. ▪ LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndooos ao seu sitio logo de lelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC 	<p>- Utiliza a biblioteca de aula ou de centro respectando as normas básicas do seu funcionamento.</p> <p>- Manipula os libros con coidado e os devolve ao seu sitio con coidado.</p>	<p>-Consensuamos e redactamos as normas básicas de uso e coidado da biblioteca de aula.</p> <p>-Comentamos e coñecemos as normas da biblioteca de centro.</p> <p>-Empregamos de xeito habitual a biblioteca de aula e centro como fonte de información e lecer.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Iniciación á creación da biblioteca persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.5.1. Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC 	<p>- Amosa interese pola conservación dos seu libros.</p>	<p>-Empregamos de xeito habitual a biblioteca de aula e centro como fonte de información e lecer.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC 	<p>- Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe.</p>	<p>-Coñecer algunhas das propiedades máis relevantes dos textos expositivos e</p>

	convivencia.			▪ CCEC		informativos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Selecciona textos do seu interese con certa autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> -Recomendación e explicación das preferencias literarias de cada un.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresa de maneira sinxela opinións sobre lecturas feitas. 	<ul style="list-style-type: none"> -Lecturas de textos literarios co obxectivo de gozar da lectura amosando as nosas preferencias.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. ▪ B3.2. Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar. ▪ B3.3. Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descrições, explicacións elementais). ▪ B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> -Produce e reescribe textos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> -Escribir, atendendo ás distintas hipóteses, textos sinxelos con diferente función e distintas propiedades sempre en situacións significativas, contextualizadas e reais. -Redacción de textos atendendo ás distintas tipoloxías textuais e revisamos as normas ortográficas. -Coñecer algunhas das propiedades máis relevantes dos textos expositivos e informativos e empregando os nosos coñecementos para escribir breves textos. -Secuencias de textos.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora pequenos textos con certa coherencia. 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> - Usa o punto no seu escritos. 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> - Pon interese especial por o uso das maiúsculas. 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación ou dos seus elementos. 	

	maiúsculas e do punto.		seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 		
			<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE 	- Compón pequenos textos relacionados coa escola con axuda.	-Secuencias de textos co fin de analizar as características dos textos e producir textos propios.
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i>, e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	- Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos.	<ul style="list-style-type: none"> -Análise de textos para ver como responden a esas preguntas. -Produción de textos utilizando as preguntas de para, quen e que escribir. -Análise das características de cada tipoloxía textual.
<ul style="list-style-type: none"> a b e j o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC CAA CSIEE 	- Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	-Presentación de modelos, análise dos mesmo, escritura dos seus propios textos, corrección de mellora de borradores.
<ul style="list-style-type: none"> b d e i j 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.4.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE 	- Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	-Transcrición de textos no procesador.
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	- Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co	-Ilustración dos seus escritos literarios.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ i ▪ j 	ilustración, para facilitar a comprensión.	ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	redundantes co seu contido.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE 	seu contido.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. ▪ B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. ▪ LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> - Interésase pola boa presentación dos textos así como unha boa limpeza e certa calidade ortográfica. - Valora a lingua escrita como medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> -Corrección e mellora de borradores. -Valoración dun traballo ben presentado.
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ E 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio. ▪ B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas ▪ LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. ▪ LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. ▪ LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> -Identifica tipos de textos e reconece neles palabras e sílabas. - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. - Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. - Sinala o xénero e número de palabras dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> -Identificación das funcións das distintas tipoloxías textuais e lemos palabras significativas neles. -Deletreo de palabras atendendo ás sílabas. -Presentación Montessori do nome. -Busca de nomes propios en textos, escritura de nomes propios nas súas producións. -Identificación e clasificación de palabras atendendo ao xénero e número.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece algunhas das normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> -Aplicación en textos significativos e reais das normas ortográficas que

			valor social e a necesidade de cingirse a elas.	▪ CCEC		coñecemos.
▪ e	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego. ▪ B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	- Recoñece a relación e entre son e grafía.	-Identificación das distintas grafías asociadas ao seu son.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	- Separa as palabras.	-Identificación da unidade mínima con significado en distintos textos. -Escritura con letras móbiles. -Recortar frases nas palabras que as forman.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Comparar aspectos moi básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.4.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	-Emprego dos coñecementos adquiridos en cada lingua para enriquecer ás outras	-Emprego dos coñecementos adquiridos en cada lingua para enriquecer ás outras.
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Creación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte. ▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	- Reescribe de xeito moi sinxelo algúns textos literarios breves.	- Reescritura de textos literarios realizando as súas propias aportacións.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	- Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	- Lecturas frecuentes de textos literarios galegos de calidade co fin de gozar coas lecturas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	- Le de forma guiada textos en silencio adecuado ao seu	-Comentar de xeito habitual as propiedades

<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ i 	<p>para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</p>	<p>intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</p>	<p>aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD 	<p>interés.</p>	<p>máis relevantes dos textos literarios sendo quen de escribir e ler breves exemplificacións.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Recrear e compoñer breves relatos a partir de modelos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.1. Recrea e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC 	<p>-Reescribe textos literarios realizando aportacións.</p>	<p>-Reescritura de textos literarios realizando as nosas propias aportacións.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC 	<p>- Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>-Lecturas frecuentes de textos literarios co fin de gozar coas lecturas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. ▪ B5.7. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.5.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<p>- Respecta a diversidade cultural.</p>	<p>-Lecturas frecuentes de textos literarios de calidade de outras culturas co fin de gozar coas lecturas, despertar a curiosidade por coñecerlas e valorar a diversidade.</p>

8. TEMPORALIZACIÓN:

A temporalización das actividades previstas para esta programación docente teñen en conta o calendario fixado pola **Orde do 10 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Contempláranse as conmemoracións así como os períodos vacacionais e días non lectivos.

O enfoque metodolóxico que vou seguir adaptase de forma máis axeitada ás características das aprendizaxes do alumnado, polo que a secuencia de contidos implica unha temporalización aberta, que irá variando en función dos contidos que poidan ir xurdindo. Ademais as tarefas, proxectos e propostas de traballo deseñadas que se presenten terán unha flexibilidade temporal, que dependerá do ritmo de traballo do grupo así como das necesidades e intereses que vaian xurdindo no día a día da aula. Concretarase de maneira periódica (quincenal) a previsión de contidos a traballar respectando os intereses do alumnado e fomentando a aprendizaxe activa dos mesmos dunha maneira global e contextualizada co propio entorno. Nesta previsión periódica teranse en conta as observacións realizadas para reforzar ou ampliar os contidos traballados. Isto non implica que non se teña unha previsión de cando introducir os contidos, pero a partir de aquí se vai producindo unha reacción en cadea de xurdir de contidos en base aos intereses do alumnado, ás situacións que se vivan na aula, ás tarefas e proxectos que se presenten dende os equipos de dinamización e os proxectos nos que participamos dende o centro.

9. ESCENARIOS DE APRENDIZAXE COVID

Tendo en conta as circunstancias actuais en relación á pandemia presentaranse tres tipos de escenarios:

- **Ensino presencial:** as clases levaranse a cabo de forma presencial no centro educativo co profesorado que conforma o equipo docente. Ademais prevese un funcionamento progresivo da aula virtual que as familias e o alumnado irán coñecendo.

- **Ensino Semi-presencial:** as clases levaranse a cabo de forma presencial e telemático. Ofreceranse as mesmas oportunidades de aprendizaxe e deseñaranse actividades para que os nenos/as podan seguir o ensino dende a casa así como aqueles que podan facelo de forma presencial na escola. Facilitaranse as actividades e recursos a través da aula virtual e na páxina web. A comunicación coas familias será a través do Abalar, teléfono, videoconferencia, redes....facilitando a comunicación e adaptándose a cada caso.
- **Ensino On-Line:** no caso de que unha das aulas ou o propio centro peche disporase da aula virtual para seguir o proceso de ensino dende a casa. O ano pasado recolléronse os datos dos medios tecnolóxicos e de conectividade do alumnado polo que nos adaptaremos a cada caso concreto, e de ser necesario, prestaremos os equipos que permitan a conectividade, dentro das posibilidades dos recursos Tics do centro educativo.

10. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS:

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente inclusiva, activa e participativa, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste senso prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo.

A inclusividade será o eixo vertebral da metodoloxía, así traballará para que o alumnado acepte positivamente as diferenzas entre eles. A intervención educativa centrarase en educar a cidadáns que convivan en sociedade e apliquen os coñecementos adquiridos dentro da escola a súa vida diaria; por iso a aula será un lugar de encontro na que teremos en conta as emocións, o diálogo, a resolución pacífica de conflitos e o respecto sobre sí mesmos, sobre os demais e co entorno.

Os enfoques que impregnan esta metodoloxía aplicada na aula son o método Montessori e a filosofía das pedagogías activas.

En relación á área das linguas seguirei o enfoque constructivista. A área de linguas é unha área transversal que se traballa non só nas propias áreas de linguas, senón tamén nas matemáticas no que atañe á comprensión das situacións-problema, ou nas materias de Ciencias Sociais e Naturais na comprensión dos diferentes conceptos, así como na elaboración de distintos produtos resultado do traballo dos distintos contidos destas materias a través de proxectos de investigación.

Aínda así, tal e como podemos observar no Decreto en vigor o traballo coas linguas debe ser moito máis extenso que o que entendemos por “ortografía” e “gramática”, que correspondería ao bloque 4 de contidos.

Así, nas idades do alumnado de educación primaria é especialmente salientable que as aprendizaxes de linguas establecidas no currículo desta etapa se traten de xeito integrado, esperten a curiosidade e o interese por outras linguas e culturas distintas da propia e promovan o respecto cara as persoas falantes desas linguas. (...)

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Así o enfoque a seguir para a ensinanza das linguas será un enfoque constructivista, no que prima a linguaxe como ferramenta comunicativa, o que implica un estudo pormenorizado dos distintos tipos textuais a empregar, buscando sempre o seu uso social. As cuestións metalingüísticas abordaranse de xeito contextualizado e a poder ser como resposta ás necesidades que vaian xurdindo. Concretamente, neste curso traballarase como tipos textuais, entre outros, o texto instrutivo, o texto literario, o texto expositivo, o texto informativo...

En relación as matemáticas:

O enfoque metodolóxico fundamentarase no deseño de propostas de traballo onde estarán incluídas actividades manipulativas, experimentais e actividades en formato papel/ficha para acadar os aprendizaxes e competencias básicas.

A miña aula está distribuída en espazos temáticos onde as actividades propostas favorecen a autonomía persoal e reforzan os contidos propostos no currículo. Esta organización por espazos permite que o alumnado traballe con diversos graos de

dificultade, aprendizaxe experimentado, aprender manipulando, xogando... e avanzar ao seu ritmo de aprendizaxe. Os diferentes espazos irán variando en función dos contidos a traballar na aula, a modo de exemplificación, expóñense os seguintes: matemáticas, linguas, ciencias sociais, naturais, arte e experimentos.

O traballo da aula distribuirase nos recantos, no faladoiro (no que se fomentará a oral así como será o espazo onde se presenten as tarefas e proxectos a realizar), traballo guiado en pequeno grupo ou de forma individual, realización de proxectos, realización de tarefas libres e tempo de lectura.

10.1 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS EN CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL:

En caso dun posible confinamento, a metodoloxía mudará para adaptarse as circunstancias. A aula virtual, a páxina web e as redes servirán de conexión co alumnado para propoñer actividades e facer un seguimento. Tamén se contemplan as conexións con vídeo conferencia para manter un contacto máis estreito co alumnado. O seguimento de cada alumno/a será de forma individual e adaptada as características de cada alumno/a. Empregaranse actividades tipo: vídeo, fichas interactivas e propostas de traballo que podan facer na casa.

11. RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS.

- Recursos persoais: titora, especialistas, persoas docentes do centro que dan apoio, alumnado, familias e persoas expertas nun tema determinado.
- Espazos educativos: Aula, biblioteca, patio e contorna.
- Recursos materiais:
 - Material da contorna e da natureza.
 - Material de refugallo.
 - Material funxible.
 - Libros, contos, xornais, revistas, folletos informativos, fichas, banco de poemas, refráns, adiviñas, cómics, dicionarios...

- Material didáctico manipulativo: cuadrante do cen, panel numérico, rectas numéricas, números móbiles, material multibase, palillos, regletas, diversos material para o conteo, tarxetas para a asociación de número e cantidade, formas e figuras xeométricas, tángram, barallas, pesa, balanza, cintas métricas, regras, moedas, reloxos, banco de problemas, xerra medidoras, letras móbiles, tarxetas de imaxes, miniaturas, caixas dos substantivos, pizarras, bonecos articulados, lupas, esqueleto...
- Láminas de aula, mapas, globo terráqueo...
- Recursos para a experimentación: vasos, probetas, líquidos, sólidos, recipientes, esencias de olores...
- Recursos dixitais: ordenador, pizarra dixital, aula virtual, Tablets...

12. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Os referentes para a avaliación serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran na programación. Os mínimos exixibles para o 1º curso de E. Primaria para a promoción de nivel son os seguintes:

- Lingua e literatura galega e castelá:
 - Le de forma comprensiva textos sinxelos.
 - Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.
 - Manifesta actitudes positivas cara a lectura.
 - Controla a escritura mecánica (trazo e dirección).
 - Produce e reescribe frases/textos moi sinxelos.
 - Coida a presentación, orde e limpeza dos escritos.
 - Mantén a atención e respecta as normas nas exposicións orais, respectando as opinións alleas.
 - Comprende a información xeral e relevante e produce textos orais sinxelos.
- Matemáticas:
 - Conta, le e escribe números ata o 99.

- Identifica o número o maior, o menor e o igual a un dado.
- Ordena números e represéntaos na recta numérica.
- Realiza e completa series crecentes.
- Comprende os conceptos de suma e a súa utilidade.
- Domina a mecánica da suma e da resta sen levar.
- Realiza e compara medicións sinxelas.
- Interpreta e usa conceptos como diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe, próximo-afastado, dentro-fóra, enriba-debaixo.
- Utiliza o coñecemento das formas rectangulares, triangulares, circulares e cadradas.
- Resolve problemas relativos á vida cotiá en que sexa pertinente aplicar operación de suma, de resta.

Ademais:

- Manifesta no desenvolvemento das tarefas, esforzo e interese.
- Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado.
- Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.

A avaliación será continua e global, tendo en conta o progreso no conxunto das áreas, e se establecerán medidas de reforzo educativo en calquera momento do curso para atender ás necesidades específicas do alumnado con NEAE.

Trimestralmente o equipo de mestres que lle impartimos docencia ao alumnado de primeiro nos reuniremos para considerar o grao de consecución de obxectivos do alumnado e así avaliar o procedemento. Será importante considerar un a un os casos dos alumnos/as que non acaden os obxectivos ou que presentan serios problemas para acadalos. Informarase ás familias do grao de adquisición de contidos a través dos boletíns de cualificacións obtidas nas diferentes áreas curriculares.

Os **criterios de cualificación** quedarían expresados do seguinte xeito:

30%	Autonomía, responsabilidade, esforzo nos traballos e participación na aula.
20%	Actitude e comportamento.
50%	Adquisición de contidos e traballos realizados.

13. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un dos elementos clave dentro da acción educativa que nos axuda a determinar se o que estamos facendo encaixa cas metas que establecemos. Así pasa a ser unha estratexia permanente para a mellora, innovación e reforma escolar. Polo tanto non debe afectar só ao alumnado, senón a toda a práctica docente.

Según o disposto na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia durante o primeiro mes do curso escolar a titora realizará una avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa e do curso anterior. Será o punto de referencia para a toma de decisión nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna.

A avaliación durante o curso será continua e global e terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas. Cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo ou de ampliación que se adoptarán en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as necesidades.

Avaliarase tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a práctica docente.

Os instrumentos a empregar para avaliar van ser todos aqueles documentos ou rexistros que permitan facer unha observación sistemática e un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado:

- Propostas de traballo.
- Actividades deseñadas.
- Materiais manipulativos.
- Secuencias didácticas.
- Tarefas individuais.
- Tarefas en grupo.
- Exposicións orais.
- Faladoiro.
- Traballos de clase (fichas, escritos, traballos de investigación, producións propias...)
- Normas de convivencia.
- Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

É necesario insistir na conveniencia de establecer uns criterios previos de valoración, informar ó alumnado dos aspectos a ter en conta e sistematizar a recollida de información por medio de fichas ou escalas.

Rexistros das propostas de traballo do alumno/a: é un instrumento de recollida de información moi útil para a avaliación continua, pois reflicte o traballo diario que realiza o alumno/a. É preciso establecer uns criterios previos que faciliten a valoración do alumnado. Dende o primeiro momento, informarase ao alumnado dos aspectos que se van valorar no seu traballo e, unha vez realizada a valoración indicar cales son os aspectos que leva ben, nos que está mellorando e nos que necesita traballar, repasar ou mellorar.

Rexistros da observación ao traballo en clase e das actividades propostas:

1. Rexistros das propostas de traballo que inclúen as materias de: linguas, matemáticas, Ciencias sociais e Naturais.
2. Rúbrica de Linguas: castelá e galega.
3. Rúbrica de matemáticas.
4. Rúbrica de ciencias sociais.
5. Rúbrica de ciencias naturais.
6. Rúbrica de autonomía, responsabilidade e esforzo.
7. Rubrica de actitude e comportamento.

13.1 CRITERIOS EN CONTEXTO COVID

Adaptareime a situación, tendo en conta o sacrificio e o esforzo que supón seguir un ensino dende a casa. Terei en conta a participación e a entrega das actividades das diferentes propostas enviadas para poder seguir o ensino Online. Tomarei como referencia a concreción de contidos, obxectivos e criterios de avaliación recollidos en dita programación de aula.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A inclusividade de todo o alumnado é un dos principios metodolóxicos que fundamentan esta programación. A atención a diversidade plantéxase dende unha atención individualizada. A organización da aula en traballo por recunchos, no que o xogo libre en ambiente preparado, posibilitara a atención a grupos reducidos dentro do grupo aula.

Ademáis poñeranse en marcha estratexias de traballo cooperativo, nas que sexan os propios nenos e nenas os que teñan a posibilidade de regular a atención precisa, así como de axudar a aqueles compañeiros e compañeiras que máis o precise. Deste xeito prevéanse agrupacións que inclúan a nenos e nenas con distintos niveis de desenvolvemento, procurando que non sexan sempre os mesmo nenos e nenas os que precisen ser axudados. Buscarase a potencialidade de cada neno e nena coa finalidade de aproveitala nestes agrupamentos.

A detección de necesidades específicas de apoio educativo conlevará a derivación ao Departamento de Orientación para unha avaliación máis exhaustiva e se é preciso poñer as medidas de actuación adecuadas para dar resposta a ditas necesidades. Ademais levarase á práctica un programa de orientación e acción titorial no centro.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Celebraranse as seguintes conmemoracións que aparecen recollidas no calendario escolar:

- 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 1 ao 11 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril : Día Mundial da Saúde.
- Entre o 17 e o 21 de abril : Semana do Libro.
- 9 de maio: Día de Europa.
- Do 9 ao 17 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

As actividades complementarias propostas para todo o centro son:

- A vendima.
- Celebración do Samaín
- Celebración do Magosto
- Celebración do Nadal
- Saídas didácticas
- Celebración do Entroido
- Fin de curso.

As actividades extraescolares previstas e que aparecen recollidas na PXA son:

- No 1º trimestre: saídas para coñecer o entorno próximo.
- No 2º trimestre: aínda sen concretar.
- No 3º trimestre: aínda sen concretar.

Así mesmo tamén se atenderá ás propostas que vaian chegando por parte da Comunidade de montes, do Concello, centros educativos próximos e outras institucións, podendo efectuar outras saídas en función do seu grao de interese.

16. PROXECTOS A NIVEL DE CENTRO

Enmarcamos o Proxecto de centro os oficios tradicionais. Temos unha gran vinculación ca Comunidade de montes da parroquia polo que facemos diversas actividades culturais e de coñecemento do patrimonio do entorno próximo.

Ademais dos equipos de dinamización da Biblioteca, Tics e Actividades complementarias e extraescolares participamos e temos pedidos outros proxectos como son:

- Donas de Sí.
- Iguala-T
- Conviv-E
- Edusostabilidade.
- 3 liñas de PFPP: Edixgal, Biblioteca e patios dinámicos.
- Voz natura.
- Digicraft.
- Edixgal.
- Arco.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA:

A medida que se vaia desenvolvendo a presente programación será preciso facer unha avaliación da mesma e da miña práctica docente, cos resultados da mesma faranse as propostas de mellora necesarias para adecuar a programación ás necesidades que vaian xurdindo na aula. Posto que unha programación de aula debe ser aberta e flexible, este documento recolle unha proposta organizativa que poderá sufrir modificacións co fin de atender aos intereses e necesidades xurdidas na aula durante a súa aplicación.

Un exemplo de un cuestionario para levar dita avaliación é o seguinte:

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS FORON AXEITADAS E MOTIVADORAS?
RECOLLE A PROGRAMACIÓN A REALIDADE DA AULA?
OS RECURSOS EMPREGADOS FORON OS CORRECTOS?
VALORACIÓN DA METODOLOXÍA EMPREGADA
AVALIACIÓN DA MIÑA PRÁCTICA DOCENTE -Fun capaz de levar adiante esta programación? -Supuxo limitacións nalgúns campos? -Fun capaz de enfrontarme e resolver os conflitos que foron xurdindo? -A relación coas familias foi? -Participei activamente nas actividades propostas polos equipos de centro?
OBSERVACIÓNS OU PROPOSTAS DE MELLORA:

J. Irene Romero Blanco
Titara de 1º curso de E. Primaria.